

RESTITUICIÓN

M^a PILAR GARCIA NEGRO

É práctica habitual nos ambientes da cultura oficial do noso país, e mesmo noutros que quen pasar por nacionalistas, a ocultación ou terxiversación —no mellor dos casos— do que non lles convén. A historia fica así "cortada" á medida dos que se benefician dela e, se xa nos abraia, por exemplo, comprobámos como se oculta, retén ou "extravía" material documental relativo a Rosalia ou a Castelao (ulas esas páxinas de xornais do pasado recortadas convenientemente en datas clave?), sobe de ton a irritación cando constatamos como a historia máis recente —de dez anos para acá— tamén se "vaporiza", como na novela de Orwell. Sirva de algo ou non sirva de nada, vaia por adiantado a miña máis dura repulsa contra práctica semellante, que, nun punto moi concreto da cuestión lingüística actual, este artigo pretende aclarar.

A pequena historia que me propoño lembrar arrinca do ano 1978, en que foi legalizada a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG). Nos meses de Novembro-December deste ano, a AS-PG organiza un ciclo de conferencias-debate sobre a normalización lingüística e os seus modelos no que interviñeron Lluís Aracil, Ricardo Carballo Calero, Francisco Rodríguez, Pilar Vazquez Cuesta e quen isto escribe. Tal actividade, seguida por un público que enchia a Aula Magna da Facultade de Económicas, derivou nun libro titulado *Problemática das linguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas*, editado en 1980 e practicamente esgotado ese ano. Do tal ciclo emanaron as directrices teóricas e didácticas que guiaron a preparación de sete cursos de Galego que, ao longo dos meses de Xaneiro e Febreiro de 1979, se impartiron simultaneamente nas sete cidades galegas. Nos meses de Novembro-December dese mesmo ano, a AS-PG, visto o éxito da convocatoria primeira e a necesidade urxente de dar pasos para galeguizar o ensino, que a definía como obxectivo central, organiza de novo unha segunda serie de cursos que se realizan en nove localidades (incluíndo cidades e vilas grandes). Absteño-me —a diferenza de tantos que botan cifras milenarias ao ar— de dar cifras de participantes, por non as ter a man; en calquer caso, foron centos de ensinantes os que participaron nos tais cursos (e en edicións posteriores), se familiarizaron coa necesidade explicada de normalizar a lingua en calisquer área, niveis e materias do ensino e levaron unha bagaxe técnico-gramatical suficiente como para arroupar o uso veicular do idioma na súa práctica docente.

Como obxectivo prioritario da equipa de profesores que impartían os cursos era, ante todo, centrar o problema con toda claridade e partir dunha base histórico-científica correcta, discutíronse e elaboráronse os criterios pedagóxicos que se seguirían e a finalidade de uso social que se perseguía. Entre aqueles, aclaráronse o urxente de explicar e demostrar a profesores e estudantes a raíz e características sócio-políticas do problema do galego e a necesidade urxente de dotá-lo dunha práctica regular, nomeadamente naqueles sectores onde reinaba de

maneira absoluta ou hexemónica o español. A tal fin, os profesores que impartiron os cursos acordaron tamén, previa discusión e contraste de opinións, o uso duns criterios normativos que partían dos seguintes principios:

a) a pertencencia do galego ao sistema comun galego-portugués, do que o noso idioma era variante en vias de normalización;

b) a necesidade de depurar o galego de todas as deturpacións e erosións producidas polo español;

c) a conveniencia de re-integrar (que non fundir) o galego no seu sistema, limpando pre-conceitos colonizados e adoptando todas aquelas eleccións léxicas, morfolóxicas e prosódicas que, sendo xenuino galego recoñecíbel e identificábel como tal, o achegasen sen artificio á súa casa lingüística verdadeira;

d) o respecto ás variantes propriamente galegas, en pé de igualdade coas demais áreas, e, dentro do noso territorio, a toda riqueza dialectal, sen prexuízo de fixar como recomendábeis unhas formas canónicas na escrita;

e) a consciencia do dinámico —e, portanto, revisábel e mellorábel— do proceso de mellora da fisonomía do galego, en función do volume de usos e ampliación pretendida;

f) a necesidade clara de superar a aquela altura "Normas" da Académia (1970) e práctica ortográfica do "Instituto da Lingua Galega" (ILG), por próximas ou servís ao respecto do español, innecesariamente cativas e lonxanas da aproximación ao tronco comun;

g) a claridade, enfin, sobre como o problema central non era "como" escribir o galego, "en que" galego escribir, senón començar a practicá-lo (oral e graficamente) sen límites e començar a facé-lo gradualmente "ben", isto é, fixando unhas pautas de corrección que familiarizasen ao público escolar —e ao público en xeral— coas formas galegas restauradoras, limpas da influencia do español. Quer dicir, nen acracia normativa nen "laissez faire, laissez passer" o problema. Si, en cambio, clarificación a respecto de como non se podía interferir o avance do galego con problemas laterais criados artificialmente para distrair a atención da necesidade de exhibilo e usá-lo sen freo por toda a parte. Non temos que esforzar o recordo para lembrar como aquela polémica confusionista era voceada por persoas e meios de comunicación aos que lles importaba tres pitos e un tambor a normalización do galego, nos que o uso deste brillaba pola súa ausencia e que, no mellor dos casos, ben pouco facían por realizaren propaganda e práctica activa do idioma.

Tratábase-se, xa que logo, de activar ao máximo o proceso de restauración do galego e, na mesma medida (en función dese impulso), de consolidar un modelo de corrección e limpeza normativa superadora dos estragos inflixidos polo español. Para que aqueles criterios normativos usados nos cursos ficase coa versión escrita que garantíse a súa conservación e consulta, editáronse e distribuíronse en folleto mecanografado a todos os asistentes ás III Xornadas

'SE O GALEGO E PATRIMONIO DE TODOS ADMITANSE AS PRÁCTICAS LINGÜÍSTICAS DUNHA PARTE E LEXISLESE DEMOCRATICAMENTE EN CONSECUENCIA'

de Ensino, organizadas pola AS-PG en Ourense, Agosto 1979. Visto o ben acolidos que foran e o eco positivo que despertaran na práctica de moitos ensinantes ou, fóra do mundo do ensino, a súa adopción pola Unión do Povo Galego, a súa implantación no único semanario galego, *A Nosa Terra*, a presenza crecente en literatura xornalística, libros, escritos de asociacións culturais, etc., a AS-PG editounas en forma de libro (*Orientacións para a escrita do noso idioma*) no ano 1980, en número de cinco mil exemplares que se esgotaron en meses, edición aumentada en dous mil exemplares máis, que se distribuíron en Agosto de 1980, no decurso das IV Xornadas do Ensino.

Tais *orientacións*... (que non "normas" —ninguén era tan pedante ou imprudente como para pretendé-lo) foron as primeiras en marcar unha liña clara normativo-ortográfica, sen duplicidades nen ambigüidades no proceso de re-integración, antes, portanto, de que a Xunta pre-autonómica (en Maio de 1980) editase as "Normas ortográficas do idioma galego", de carácter ecléctico a respecto de dúas variantes ortográficas, a ILG e a reintegradora. Normas que, como se sabe, non entraron en vigor ou, mellor dito, eran o suficientemente ambiguas ou duplas como para permitir a imposición pura e dura da variante instituísta, brazo lingüístico da Xunta e fiscal maior a partires dese momento da "maldade" lingüística, isto é, de todo o galego que saía do estreito carreiro marcado na normativa imposta. Resultado: nen ambigüidade nen permisividade; calzador e represión, polo con-

trário, e atentados variados contra a nosa literatura, re-escrebendo-a a gosto do correxidor, moito máis sábio en galego, por suposto, que escritores como Castelao, Otero Pedraio ou Blanco Amor.

A partires de aquí, a historia continua. Do golpe de estado executado na AS-PG, sen a máis mínima lexitimidade estatutaria nen assemblearia, nacerán unhas *Orientacións*... Nace AGAL e elabora as súas propias. Mais (curioso, abofé) en libros de texto, programas radiofónicos, literatura en xeral, isto é, no *uso social* (fóra das discusións clubísticas de laboratorio, que se pode permitir quen despois non ten nada que levar á práctica, agás o seu individualismo) o máis practicado —fóra do ámbito oficial ou controlado por el— eran os mal chamados "mínimos" (como algo "mínimo" pode valer para algo "máximo" como é o uso público do galego?), entanto que os defensores dos tais "mínimos" recibiamos frechas de uns e de outros, quer por "aportuguesados", que por "moderados" e tímidos no proceso. Máis unha ironía na historia miúda deste país...

Enfin. Aínda teño por declarar o obxecto real deste artigo, que non é só restituir o pasado na súa face verdadeira. Moi lonxe de botar leña a nengun lume innecesario, defendo a necesidade e urxencia da concórdia normativa, por elementares imperativos democráticos e polo avance no proceso de consolidación do galego, freado legalmente e obstaculizado tamén por atracos normativos claramente anti-sociais. Nesta liña, quero lembrar o seguinte:

1. Foi práctica habitual da AS-PG a chamada ao consenso normativo, en aras do ben derivado para o galego que se produciría.

2. No seu proxecto de Lei de Normalización Lingüística presentado no Parlamento pola daquela coalición Partido Socialista Galego/Bloque Nacional-Popular Galego (Marzo 1982) e que non se chegou a debater, incluía-se como disposición transitória a seguinte: "Tendo en conta que existe unha variedade de normativas para a escrita

do galego, os Poderes Públicos recoñecerán como válidas, durante o período de cinco anos contados a partir da promulgación desta Lei, as da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, da Real Académia Galega, do Instituto da Lingua Galega e da Associação Galega da Lingua. Finalizado este prazo, adotarase unha normativa única como oficial, elaborado a partir dos criterios lingüísticos suministrados por estas catro entidades".

3. Na primavera de 1986, faise público o "Manifesto pola concórdia necesaria", promovido por un grupo de profesores en Lingua da Coruña e apoiados polos cincocentos asistentes aos "Encontros sobre o estado actual da Normalización Lingüística", promovidos pola AS-PG e dos que nacería a Mesa Pola Normalización Lingüística.

Como se ve, xa que logo, houbo —por citar somente tres significativos posicionamentos claros, prudentes e realistas a prol da concórdia, e tolerancia de abondo na práctica (desde logo, non correspondida moitas veces) a respecto do resto das variantes, sobre as cais, desde esta posición, non se impuxo nunca pauliña nengunha. Non é exacto, pois, que no pasado "o debate pola norma para escribir o noso idioma estivo presidido desde as diversas tendencias, pola esaxeración retórica, intoxicación informativa a acriticidade científica", como se dicía en *A Nosa Terra* (nº 372, p.2). Como mínimo, que cada pau terme da súa vela.

Xa ollando para o futuro, que é o que importa, só dúas condicións que considero "sine qua non" no momento presente:

a) O cesamento da represión é imprescindible para establecer un diálogo democrático sobre a cuestión. Ilegalizar e/ou reprimir o que existe (outras maneiras de escribir diferentes dachamada oficial⁽¹⁾) volve-se inmediatamente contra o propio galego, coarta a liberdade de expresión, limita a produción e estigmatiza o que, en calquer caso, tiña que ser obxecto de protección e fomento legal: a emisión **en** galego.

b) A necesidade de adecuar as declaracións verbais á práctica (no ensino, uso de libros de texto, editoriais, mundo oficial...), isto é, respectar o dos demais, mais, na mesma medida, que respecten o noso, é urxente, porque; doutro modo, a esquizofrenia é evidente: se estamos pola "paz", como se entende que se rindan armas ao que declara a guerra? Se somos tantos os que estamos pola tal concórdia, que se note na práctica.

O galego —dixo-se-nos moitas veces— non é patrimonio de ninguén. Se non é patrimonio de ninguén, é patrimonio de todos, quer dicir, de todo o povo galego. Se isto é así, admitan-se as prácticas lingüísticas dunha parte, ao menos, do povo galego e lexislese democraticamente en consecuencia. Se o futuro do idioma é o que importa, é o único camiño. □

(1) Se é a "oficial", por que non se fai algo para "oficializar" o aparato de Xustiza, a toponimia a todos os niveis, a megafonía das estacións de tren e autobuses, a publicidade, o idioma dos funcionarios, as institucións públicas, os meios de comunicación...? Uja a "oficialidade" do galego nestes e moitos máis sectores? No lixo, porque o que segue campando e "oficializando" é o español...

